



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

CEIP de Cervo

Lugar PEDROUZO, S/N (CERVO)
27891 Cervo (Santa María)
☎ 982870207 📠 982870208
ceip.cervo@edu.xunta.gal
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcervo/>

CoLEXI^o DE CERVO

PLAN DE TRABALLO DA PERSOA COORDINADORA DE BENESTAR E CONVIVENCIA

CEIP de Cervo

Data de aprobación en Consello Escolar: 17/01/2024



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

CEIP de Cervo

Lugar PEDROUZO, S/N (CERVO)
27891 Cervo (Santa María)
☎ 982870207 📠 982870208
ceip.cervo@edu.xunta.gal
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcervo/>

CoLEXI^o DE CERVO

Índice:

- **INTRODUCCIÓN**
- **CONTEXTO**
- **OBXECTIVOS**
- **AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO DO PLAN**



INTRODUCCIÓN:

Tendo en conta os contextos e acordos internacionais na tarefa de garantir os dereitos da infancia e da adolescencia, e sen perder de vista as demandas e necesidades actuais da sociedade, realizáronse recentes desenvolvementos legislativos nos que se introduce unha nova figura, a de coordinadora ou coordinador de benestar e protección da infancia e a adolescencia nos centros educativos.

En España, dita figura queda recollida en varios marcos. Un é o establecido por la **Lei Orgánica 3/2020**, de 29 de decembro, pola que se modifica a **Lei Orgánica 2/2006**, de 3 de maio, de Educación (**LOMLOE**), no seu artigo 124, que as Administracións educativas regularán “os requisitos e as funcións que debe desempeñar o coordinador ou coordinadora de benestar e protección, que debe designarse en todos os centros educativos independentemente da súa titularidade”, como parte dos mecanismos de garantía para aquelas persoas que poidan verse afectadas por todo aquilo que altere as súas condicións de benestar, seguridade e protección.

Por outra banda, a **Lei Orgánica 8/2021**, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia (**LOPVI**), en cuxo capítulo IV, se desenvolven diversas medidas de prevención e detección precoz da violencia nos centros educativos que se consideran imprescindibles si se ten en conta que se trata dun entorno de socialización central na vida dos nenos, nenas e adolescentes.

Incídese na idea de contar cunha serie de protocolos que sirvan para tales finalidades de prevención e detección precoz, e se constitúe un coordinador ou coordinadora de benestar e protección, en todos os centros educativos, para garantir o correcto funcionamento dos devanditos protocolos. Si ben na **LOPVI**, no seu artigo 35, se establecen as principais funcións do coordinador



ou coordinadora de benestar e protección, necesítase un maior grado de concreción e descrición de cada unha das funcións contidas en dita regulación:

planificación, prevención, formación, detección e intervención nas situacións nas que os nenos, nenas e adolescentes deban ser protexidos dentro e fora do centro escolar.

O presente plan de traballo foi elaborado segundo as indicacións da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

A aprobación da **Lei Orgánica 3/2020**, de 29 de decembro, pola que se modifica a **Lei Orgánica 2/2006**, de 3 de maio, de Educación e da **Lei Orgánica 8/2021**, de 4 de xuño de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia (en adiante **LOPVI**), que inclúe o nomeamento dun coordinador ou coordinadora de benestar e protección en todos os centros escolares con independencia de súa titularidade, obrigan, necesariamente, ás Administracións Educativas a realizar unha seria reflexión acerca de moitas e moi variadas cuestións relacionadas con esta figura.

Na Comunidade Autónoma de Galicia ven desenvolvida pola **Orde do 23 de agosto de 2023** pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.

As funcións da persoa coordinadora de benestar e protección establecidas na **Lei orgánica 8/2021**, do 4 de xuño, xa viñan sendo realizadas nos centros docentes de Comunidade Autónoma galega a través do desenvolvemento do Plan de convivencia é preciso acomodar esta nova figura ao marco normativo do sistema educativo galego.

Terase en conta tamén a **Guía para o Desenvolvemento do Plan de Benestar Emocional**, publicada pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, con indicacións prácticas das diferentes medidas que se contemplan no plan, con exemplos prácticos para desenvolver as competencias emocionais necesarias para intentar resolver situacións negativas. (<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/41353>)



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

CEIP de Cervo

Lugar PEDROUZO, S/N (CERVO)
27891 Cervo (Santa María)
☎ 982870207 📠 982870208
ceip.cervo@edu.xunta.gal
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcervo/>

CoLEXI^o DE CERVO

CONTEXTO:

Co presente plan preténdese acompañar á comunidade educativa para que poida ser quen de afrontar este reto colectivo do coidado de benestar e emocional desde a transformación da convivencia, a aprendizaxe e a compensación e a compensación socioemocional a través de redes de apoio para fomentar a participación e a corresponsabilidade nesta tarefa. Para isto pártese do Plan de Convivencia elaborado segundo a normativa vixente no momento da súa aprobación polo Consello Escolar (xuño 2016) regulada polo Decreto 8/2015 do 8 de Xaneiro que desenvolve a Lei 4/2011 de 30 de Xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

No CEIP de Cervo esta nova figura do Coordinador ou Coordinadora de benestar parte da Comisión de Convivencia, xa que pertence á mesma, xunto co Director, a xefa do DO, e dúas representantes de Pais e Nais.



OBXECTIVOS

1. Promover unha convivencia positiva, implementando medidas de sensibilización para o rexeitamento e eliminación de violencia.

Actuacións:

- Coordinación con asociacións, concello..
- Dotación de instrumentos eficaces de redes sociais, internet...
- Colaboración cos diferentes equipos na proposta de actividades para traballar as seguintes conmemoracións:
 - Día Internacional contra a violencia de xénero. (25 de novembro)
 - Declaración universal dereitos humanos (10 de decembro)
 - Día escolar da non violencia e paz. (30 de xaneiro)
 - Día internacional da muller. (8 de marzo)
 - Día mundial da saúde (7 de abril)
 - Día internacional contra o acoso escolar (2 de maio)
- Presentación e identificación da coordinadora de benestar por parte da comunidade educativa.
- Creación dunha caixa de correo e outros mecanismos de contacto¹.

Indicadores:

- Nivel participación profesorado e alumnado.
- Número de reunións e valoración positiva dos instrumentos proporcionados.

¹ O 23 de setembro de 2023, o Presidente da Xunta anunciou a aprobación por parte do Consello da Xunta, do Plan integral contra o Acoso e Ciberacoso escolar 2023-2025, entre as medidas está a instalación de "Puntos laranxas" a modo de caixas de correo, tanto físicas como virtuais, a través dos que o alumnado poderá denunciar de forma anónima e segura estes casos.



2. Reforzar os coñecementos e habilidades dos alumnos para que sexan parte activa na promoción do bo trato e poidan recoñecer a violencia e reaccionar fronte á mesma.

Actuacións:

- Sesións de titoría (proporcionarlle os titores material relacionado sobre habilidades sociais.)
- Coñecemento das normas do centro e medidas a tomar en caso de falta.
- Enquisas ao alumnado sobre o benestar emocional no contexto educativo.

Indicadores:

- Actuacións realizadas.
- Grao de satisfacción e participación.

3. Garantir a especial atención os menores que se encontren en situación de especial vulnerabilidade.

Actuacións:

- Sesións de titoría.
- Sesións individuais coa Xefatura de Estudos e a orientadora.
- Contacto cos Servizos Sociais, centro de saúde.

Indicadores:

- Número de intervencións individuais realizadas pola coordinadora de benestar e tamén orientadora.
- Grao de satisfacción e participación dos alumnos atendidos.
- Nivel de coordinación orientación, titores, Xefatura de Estudos, dirección e outros profesionais.



4. Formar mediadores en conflitos.

Actuacións:

- Seleccionar dentro do alumnado un grupo elixido de entre todos os que voluntariamente acepten.
- Adestrar ao alumnado para desenvolver procesos de mediación de conflitos.
- Contribuír a mellorar o clima de convivencia no centro.
- Colaborar na organización e posta en marcha de patios dinámicos e colaborativos.

Indicadores:

- Número de intervencións que realizaron.
- Grao de satisfacción e participación dos alumnos.
- Nivel de coordinación do alumnado.

5. Promover no centro unha alimentación saudable e nutritiva.

Actuacións:

- Adquirir, por parte do alumnado, hábitos alimentarios saudables a través de retos de alimentación saudable e residuos cero.
- Proporcionarlles ao alumnado ao longo do curso propostas de alimentación saudable diariamente (froita e lácteos proporcionados polo centro)
- Procurar un entorno alimentario saudable dentro do centro docente que promova e facilite unha dieta diversificada, equilibrada e sa.
- Incrementar a actividade física efectiva diaria do alumnado ao longo do horario lectivo(descansos activos,...).
- Favorecer e promocionar a práctica de actividade física nos períodos de lecer, dentro e fóra do centro. (patios dinámicos, activos...)



Indicadores:

- Conseguir os carnés de alimentación saudable e residuos cero..
- Practicar os deportes como fútbol, balonmán, baloncesto, badminton, etc.
- Promocionar actividades complementarias deportivas.

6. Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixido ao alumnado, familias ou titores legais e todo o persoal do centro educativo.

Actuacións:

- Coordinación con asociacións e CFR para charlas.
- Proposta de fondos bibliográficos relacionados co benestar emocional, resolución pacífica de conflitos....., ao equipo de biblioteca.
- Procurar formación relacionada coa temática e trasladar á comunidade educativa a síntese da mesma.

Indicadores:

- Grado de satisfacción e participación.
- Emprego e utilización das ferramentas proporcionadas

7. Creación e posta en práctica de novos plan de centro que axuden á integración real e efectiva de toda a comunidade educativa.

Actuacións:

- Deseño dun Plan de Acolida para novo alumnado e novos profesionais no centro.

Indicadores:

- Grado de satisfacción na integración no centro.
- Emprego e utilización das ferramentas proporcionadas



AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN

Este Plan de traballo da persoa coordinadora de benestar e convivencia vai estar a disposición de toda a comunidade educativa e ten por obxectivo “avanzar na prevención e na identificación de situacións que poidan causar malestar emocional” no ensino. Será publicado polas canles apropiadas dos diferentes Plans e Proxectos do Centro.

Este plan será revisado ao longo de todo o curso co fin de mellorar e adecuar o mesmo á realidade tanto do centro como do curso escolar.

Ao final de cada trimestre farase unha valoración das actuacións onde se indique se están :

- Sen traballar
- Empezadas e en proceso.
- Completadas pero se necesita retomalas.
- Completadas.

Tamén se incluírá na avaliación unha proposta de mellora con aquelas que necesiten volver a repetirse o curso seguinte, as que necesiten modificación ou as que xa non sexa necesario realizar xa sexa porque non funcionaron ou xa se alcanzaron.